

ACTIVIDADE	DÍA	HORARIO	IDADES	PRAZAS	PREZO / MES	LUGAR
 Debuxo e pintura*	Luns	16:00 a 16:55 * 17:00 a 17:55	5 a 12	15 15	10 €	Salón de actos
Patinaxe *	Luns	* 16:00 a 16:55 17:00 a 17:55	5 a 12	16 16	8,80 €	Patio Primaria
Taller de cociña*	Luns	* 16:00 a 16:55 17:00 a 17:55	3 a 6 7 a 12	15 15	12€ e material	Comedor
 Xadrez *	Martes	16:00 a 16:55 * 17:00 a 17:55	4 a 12	16 16	8,40 €	Salón de actos
Karate *	Martes	* 16:00 a 16:55 17:00 a 17:55	5 a 12	15 15	12,20 €	Ximnasio
 Taller de inglés*	Martes	16:00 a 16:55 17:00 a 17:55	3 a 5 6 a 8 9 a 12	10 10 10	20€	Aula de relixión
 Baile moderno	Mércores	16:00 a 17:00	8 a 12	15	7 €	Ximnasio
 Traballos manuais *	Mércores	16:00 a 16:55 * 17:00 a 17:55	5 a 12	15 15	9 €	Salón de actos
 Danza	Mércores	17:00 a 17:55	6 a 12	15	12€	Ximnasio
 Teatro *	Xoves	16:00 a 16:55 * 17:00 a 17:55	4 a 12	15 15	9 €	Aula 1 E. Infantil
Horta e xardín*	Xoves	16:00 a 16:55 * 17:00 a 17:55	3 a 6 7 a 12	15 15	13€	Salón de actos Patio exterior
 Xogos colaborativos *	Xoves	16:15 a 17:00 17:00 a 17:45	5 a 8 8 a 12	15 15	3€	Ximnasio
 Pandeireta	Venres	16:00 a 17:00	4 a 12	15 15	8 €	Aula 1 E. Infantil
 Baile galego *	Venres	17:00 a 17:55	5 a 12	30	8 €	Aula 1 E. Infantil
Capoeira	Venres	17:00 a 17:55	5 a 12	15	9 €	Ximnasio

* Nos casos en que haxa suficientes alumn@s trataremos de facer o segundo grupo co horario sinalado cun asterisco (*).
O calendario e horarios propostos poderían sufrir alteracións en función da disposición de locais ou do número de alumn@s.
O primeiro día é conveniente acompañar @s nen@s e preguntar ó monitor/a as necesidades da actividade.

LEA O DORSO



18 / 09 / 2008

POR FAVOR LEA TODO O DOCUMENTO NON HAI NADA QUE NON SEXA IMPORTANTE

- **SOCIOS:** A cota de socio para este curso mantense en 12 € por familia independentemente do número de fill@s matriculad@s no centro. Esta asociación ven programando actividades dirixidas a tódolos nenos e nenas do colexio. **Facerse socio axuda** a manter estas actividades gratuítas: magosto, un mes de contos na biblioteca, adquisición de libros para a biblioteca, representacións teatrais e musicais, etc. Os non socios verán incrementada o prezo das actividades en 6 € por mes.
- As actividades de debuxo e pintura, teatro, pandeireta, baile galego, traballos manuais e xadrez, continúan subvencionadas polo Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago, inclúense este curso danza e baile moderno, taller de inglés e xogos colaborativos.
- **TALLER DE INGLÉS:** Reunión informativa o martes 30 de setembro ás 16,30h no salón de actos.
- **INSCRICIÓN:** No local da A.N.P.A. os días 22, 23, 24, 25, e 26 de setembro de 16:00 a 17:00 e os luns lectivos de 16h a 17h. **Tomarase a orde de inscrición e antigüidade para determinar a fin das prazas.** Naqueles casos nos que sexa posible faranse dous grupos, sendo o horario o sinalado cun * o do segundo grupo. A organización dos grupos corresponde ó monitor/a e á Xunta Directiva da A.N.P.A. **É imprescindible darse de alta nas actividades no local.** O prazo remata cando se cubran as prazas.
- **PAGO DAS ACTIVIDADES:** Este farase en dous prazos. O primeiro pago farase no momento da inscrición e será polos meses de outubro, novembro, decembro e xaneiro. O segundo pago efectuarase en xaneiro e pagaranse os meses de febreiro, marzo, abril e maio. O 1º pago formalizarase no local da A.N.P.A. Nos casos excepcionais en que se solicite un terceiro ou máis pagos, a decisión corresponderá á Xunta Directiva da A.N.P.A. Para asistir ás actividades é imprescindible estar ó día en tódolos pagos.
- **REDUCCIÓN NO PREZO:** No caso de asistir a tres actividades a terceira e seguintes terán unha redución de 1 € no prezo por mes.
- A fin de que @s alumn@s poidan coñecer as actividades que lle interesan, poderán asistir a unha única sesión de proba por actividade. É **condición indispensable** ter aboada a cota da A.N.P.A. para o curso 2008 – 2009.
- **BAIXAS:** É **imprescindible** comunicar a baixa sempre á A.N.P.A. no mes anterior a producirse a mesma; por exemplo: no caso en que alguén non vaia volver a partir de novembro deberá avisar en outubro. **De facelo así devolveráselle o importe aboado** polos meses de novembro, decembro e xaneiro, **sempre que se manteña a matrícula mínima para continuar a actividade**. En caso de avisar xa en novembro só se lle aboarán os meses de decembro e xaneiro.
- **RESPONSABILIDADE:** A nai ou pai serán os encargados de acompañar @s nen@s ás actividades o mesmo que o cambio de actividade ou ata que chegue o monitor/a. Tanto a A.N.P.A. como os monitores/as non se fan responsables d@s alumn@s fóra da aula ou espazo correspondente, aínda que a segunda actividade vaia a continuación da primeira. Pregamos puntualidade.
- **MÚSICA:** A *Asociación Cultural Musical Solfa* ofrece cursos de iniciación á música, solfexo, instrumento, audicións e coro. Poderán recoller información no local da A.N.P.A.
- **LOCAL DA A.N.P.A:** A partir de outubro estará aberto o local da A.N.P.A. os luns lectivos de 16:00 a 17:00 h. O teléfono da asociación é o **660 647 808**, nel poderán obter información, pero non xestionar a matrícula nas actividades, esta ten que facerse de xeito persoal no local. O teléfono da A.N.P.A para a xestión do **comedor escolar** é **628 760 614**. As actividades educativas de comedor son subvencionadas polo Concello de Santiago.